



**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL**  
**SOLEMNE SESIÓN DE APERTURA DA IX**  
**LEXISLATURA**  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

4 de decembro de 2012

Presidente da Xunta de Galicia,

Membros do Goberno,

Señorías,

Autoridades,

Señoras e señores,



## **1 (Introdución / enfoque situacional)**

Señorías,

É unha honra para min ter recibido de novo a súa confianza para presidir esta Cámara que representa a cidadanía galega. Isto obrígame, con rigor, a reafirmar o meu compromiso con esta responsabilidade, a insistir no meu esforzo por defender os intereses das persoas que viven nesta terra e a salientar a miña firme vontade de mellora continua. Non me faltará ilusión, ánimo e traballo, polo que pido desculpas polos erros involuntarios que seguro cometerei. O meu firme propósito é ser a presidenta de todos e todas, facilitando o traballo dos catro grupos parlamentarios, e póño-me á súa disposición nesta singradura que comezamos hai uns días.

Os que chegan por primeira vez á Cámara, e tamén os que resultamos reelixidos, compartimos -estou segura- ilusións, responsabilidade e un sentimento de intensa obriga con Galicia.



Debemos ter presente que somos elixidos para contribuír a resolver as dificultades dos cidadáns. Animo a todos a telo presente cada día.

Sobre esta base, permítanme facer agora unha serie de reflexións sobre o noso papel e as nosas motivacións. Reflexións que se enmarcan nas mesmas liñas de pensamento que desenvolvín en diferentes intervencións públicas no pasado.

Desexo que esta solemne sesión de apertura se converta nun adecuado punto de partida para os traballos que nos agardan nesta novena lexislatura. A institución parlamentaria está sometida a diversas mutacións nos últimos tempos que tratan de afianzala no futuro sen destruír os trazos identitarios do pasado. Hai uns días recordaba como “a Historia ten demostrado que, desde o esforzo compartido, a capacidade de diálogo e o espírito de consenso, podemos construír entre todos unha Galicia aberta, plural e solidaria”. Así é. Algunha das claves para estes obxectivos poden ser as que comento a continuación. Os atributos distintivos dun Parlamento democrático axudan nesta tarefa porque a democracia parlamentaria é sempre a mellor fonte para servir o interese público.



## 2 (Austeridade)

A **austeridade** ten que continuar como un dos eixes básicos do noso labor. Na pasada lexislatura logramos relevantes avances nese eido, que agora hai que consolidar para ofrecerlle á sociedade o exemplo que esperan de todos nós. O plan de axuste e aforro está racionalizando de xeito relevante o gasto na Cámara.

Ao mesmo tempo insistiremos nas melloras metodolóxicas e técnicas que permitan gañar **eficiencia** no cumprimento das funcións parlamentarias e administrativas que desenvolvemos. Neste eido, seremos permeables aos novos modelos de xestión pública, que depositan nas tecnoloxías dixitais elevadas capacidades estratéxicas. Estou convencida de que o persoal ao servizo da Cámara, como sempre o fai, actuará con sumo rigor e profesionalidade, gañando a sinerxía que precisamos nestes momentos de aforro nos medios materiais. A procura de valor engadido ao menor custo fai que optimicemos os recursos e as instalacións e que potenciemos a innovación e a formación integral e continua. Hai que dotarse duna cultura organizativa de mellora permanente e sensible á innovación.



### 3 (e-administración)

Así as cousas, temos a intención de avanzar un grao máis na **administración electrónica**, potenciando as súas vantaxes e desactivando os seus perigos. Chegou o momento de relacionarnos só dixitalmente co resto dos poderes públicos para gañar tempo e espazo, para reducir custos e para conseguir ser un parlamento un pouco máis sostible e máis accesible. Desta forma, para ser unha cámara tamén dixital, debemos obter e empregar certificados de selo electrónico, de empregado público e de servidor web. Os medios electrónicos en liña son un exemplo de dispoñibilidade permanente e de aposta de futuro. Insistiremos nas potencialidades da nosa web para que creza a interactividade e os recursos multidireccionais e de participación nas redes sociais.

De todos os xeitos, como xa dixen noutra ocasión, estes instrumentos dixitais son un medio, non un fin en si mesmo, son un instrumento que facilita o cumprimento das funcións establecidas e conectadas coa representación política e a procura do interese xeral.



#### 4 (Cidadanía)

Tamén nos corresponde ser próximos á **cidadanía**, á que servimos. Deste xeito, reclamamos o protagonismo do Parlamento como canle privilexiada de reivindicación cidadá, no marco das novas lexitimidades do presente. Só cumpriremos co noso papel se a Cámara é aberta e intenta manter unha comunicación áxil coa opinión pública, se creamos unha dinámica que teña en conta a percepción cidadá do noso traballo, se achamos canles que rompan a posible fenda entre representantes e representados.

A verdadeira accesibilidade pasa polo contacto directo coas persoas e por poñer á súa disposición canles efectivas de relación cos seus deputados e as súas deputadas, conformándose, deste xeito, un diálogo permanente, real e axeitado. O modelo de proximidade ás persoas é o camiño que necesariamente temos que recorrer para situarnos na excelencia: conforma a enerxía que fomentará a reactivación institucional. O futuro do Parlamento unicamente se consolida da man da cidadanía. Outro tipo de pensamento leva á escuridade e dificulta o exercicio dos propios dereitos fundamentais, esencia do sistema constitucional e estatutario.



## 5 (Revalorizar a actividade política)

Non cabe dúbida: é o momento de **revalorizar a actividade política**, actividade que só se pode mover nos parámetros do interese xeral. O exemplo de cada un de nós permitirá restablecer a confianza pública se se basea nunha conduta limpa, leal, seria e rigorosa. A honestidade é unha permanente garantía de éxito e proba de responsabilidade social. Debemos desterrar dunha vez para sempre as condutas, actitudes e mesmo as opinións que respondan a unha concepción retrógrada, anquilosada e estéril da actuación política. A implicación neste camiño é demandada polo propio dereito de sufraxio. E incluso, alén diso, a motivación polo interese público é un postulado axiolóxico irrenunciabile da categoría de representación democrática. A política é necesaria para agregar vontades e delimitar as prioridades que satisfagan o interese xeral, para recompoñer a diversidade en unidade, e para avanzar na calidade das prestacións públicas.



Na procura da excelencia, sexamos quen de asumir con decisión esta concepción eticamente perfecta da actividade política. Deste xeito, o noso accionar cotián vencerá a desafección e o abstencionismo e xerará valores característicos da democracia contemporánea.

Para isto, o Parlamento debe ser sensible á evolución permanente da sociedade e ás necesidades que esta formula. Ese é o verdadeiro sentido da democracia parlamentaria como canle das necesidades dos cidadáns.





## 6 (Conxugar...)

Amósase necesario, ademais, **conxugar** o paradigma tradicional, propio do parlamento clásico, coas novas realidades. Aquel, como é sabido, xira arredor das funcións lexislativa, de control, de impulso e orzamentaria, que debemos exercer con esixentes estándares de calidade de xeito intenso e preciso. E a carón destas funcións tradicionais, temos que ofrecer outras vías de actuación que satisfagan o interese público. Así cumpriremos mellor as esixencias da liberdade e daremos máis oportunidades ás persoas para que, no seu uso, cheguen a nós. Non hai que esquecer, como indicou Clara Campoamor, que a liberdade se aprende exercéndoa. A Cámara é un dos mellores medios para exercer tal liberdade e o único certamente representativo.

Debemos asumir, por exemplo, unha función de información política, derivada dun modelo de parlamento vinculado cos cidadáns e da idea de publicidade como premisa do traballo da Cámara. Xa a Constitución francesa de 1791 recollía o principio de publicidade parlamentaria. Porén, a comunicación foi por momentos un verdadeiro déficit nestas institucións, contra o que hai que loitar por todos os medios para non perder a confianza do pobo.



Por iso, defendemos unha **participación** dinámica, plural, heteroxénea, que aproveite as virtudes da dialéctica construtiva, do respecto mutuo e do diálogo democrático. Esta actividade debe fluír con normalidade dun entendemento procesual da democracia (como proceso continuo de intercambio de ideas e de control recíproco). Deste xeito, derivado do principio de pluralismo, ofrecemos formas diversas para coñecer a opinión da sociedade e para que as súas posturas cheguen a nós. É imprescindible, polo tanto, fomentar o noso dinamismo chegando a toda a sociedade galega.

O principio de representación ten que renovarse para nutrirse das actuais modalidades de estruturación da sociedade civil, algunhas de índole netamente alternativa, que conforman diversas canles de expresión do pluralismo social e da tolerancia. Debemos evitar escisións entre a representación formal e a representación material proxectándonos na sociedade como foro de encontro global que recolle a pluralidade colectiva. Temos que estar moi presentes nos canais multidireccionais de participación para gañar inmediatez no coñecemento das demandas das persoas como órgano representativo democrático da vontade dos cidadáns.



## **7 (Iniciativas de modernización)**

A nivel mundial asistimos, desde hai algúns anos, a moitas iniciativas de modernización dos parlamentos, auspiciadas por diferentes entidades. Deste xeito, a Unión Interparlamentaria e o Programa de Nacións Unidas para o Desenvolvemento (PNUD) emitiron diversos informes para abordar estas mutacións e ofrecer consellos de boas prácticas. A motivación destes traballos está clara: mellores parlamentos para democracias máis fortes. O Parlamento, como órgano xurídico, político e social, debe estar en permanente atención para adaptarse á natureza cambiante da representación e do contexto no que se insire. Desde Galicia non perdemos de vista este proceso para que a experiencia comparada nos ofrezca exemplos que poidan ser do noso interese. Nas cámaras ten que latexar de xeito continuo a idea de renovación e actualización para recuperar o liderado que lle corresponde nun sistema parlamentario. A Cámara debe ser protagonista da súa propia modernización ao amparo do seu fortalecemento institucional.



## 8 (Transparencia)

Loitamos por acadar as máis altas cotas de **transparencia**, tanto na forma coma no fondo da actividade parlamentaria. Só desde o principio de publicidade seremos quen de exercer a nosa función de control. E só con esta apertura a democracia estará máis solidamente arraigada, ao tempo que se satisfai o dereito a unha boa administración. Facilitaremos o labor dos xornalistas e dos medios, favorecendo o acceso ao noso traballo e o cumprimento do dereito constitucional de liberdade de información. A divulgación será a máxima posible no marco dunha ampla estratexia de información e educación, con iniciativas en diferentes ámbitos (visitas, publicacións, seminarios, programas de divulgación, iniciativas en escolas, etc.).

A transparencia é a vocación permanente dos modernos sistemas públicos e o postulado ético dos seus dirixentes, obrigados ao dinamismo e á avaliación continua. Ademais, o incremento en transparencia permite aumentar as cotas de participación porque estimula a confianza no labor dos decisores públicos.



## 9 (Compromiso)

Señorías,

Debemos ser un Parlamento **comprometido** coa situación que nos rodea, permeable ás necesidades das persoas e sensibles cos máis necesitados. Os seus problemas son os nosos e as súas inquedanzas un referente obrigado para enfocar a actividade desta Cámara. Corresponsabilidade, compromiso, esforzo, traballo, solidariedade son verbas subliñadas no noso dicionario. Non defraudemos as expectativas das persoas, sobre todo daquelas que pasan por momentos de dificultade e que, polo tanto, requiren maior atención por parte dos seus representantes políticos. En situacións de crise os deputados e as deputadas deben encabezar o devir da sociedade coa súa dedicación plena, o seu exemplo e o seu labor constante. A lexitimación ten que vir pola eficacia da nosa actividade, por razóns materiais e substantivas que supoñan o correcto cumprimento das tarefas realizadas.



Nun mundo cada vez máis complexo os parlamentarios son tamén mediadores e axentes do Estado social. Só desde xeito teremos institucións vivas, realistas e útiles, que afrontan os verdadeiros e concretos problemas do corpo electoral. Este compromiso fará que o Parlamento sexa un enlace adecuado entre os gobernantes e as preocupacións das persoas, e manifestará a nosa tenacidade na resposta ás elevadas expectativas que se depositan na representación política.

Somos unha institución necesaria, inseparable do devir da democracia. Facer avanzar o Parlamento fará progresar a democracia. O seu vigor e implicación, a súa actualización e traballo garantirán o equilibrio do sistema e a pluralidade responsable. Posibilitarán, sen dúbida, unha sociedade máis equitativa. Moitas son vellas esixencias, pero reclamadas desde novas circunstancias. O compromiso social alumeará o símbolo da Cámara que escenifica a democracia e os seus valores no actual espazo público.



## 10 (Contexto nacional e internacional)

Ademais, Galicia e o seu Parlamento deben actuar coa forza que lles corresponde no **contexto nacional e internacional**, situándose no goberno multinivel que caracteriza os actuais sistemas públicos. Temos que fomentar a colaboración cos nosos homólogos para acentuar o compoñente parlamentario nese goberno multinivel tan ancorado nos elementos executivos, achegando unidade e multiplicidade, integración e solidariedade.

Deste xeito seremos quen de ofrecer respostas á dinámica territorial e cooperativa de forma que sumemos e non restemos, que demos solucións e non novos problemas. A autonomía galega atópase consolidada, en gran parte polo labor parlamentario, dotada dunha dimensión institucional e simbólica que achega referentes e estabilidade. Pero xa sabemos, dun punto de vista diacrónico, que a arquitectura dos sistemas públicos non é ríxida, polo que temos que ter presenza continua e xogar o rol que nos corresponde nos hipotéticos desenvolvementos do sistema, sempre tendo como referencia o interese de Galicia e dos galegos.



## 11 (Final)

En definitiva, señorías, apostamos por un Parlamento:

austero,

eficiente,

sostible,

permeable á cidadanía,

revitalizador da política como actividade de defensa do interese xeral,

dinámico,

participativo,

aberto ás novas realidades,

plural,

transparente,

comprometido e

situado na modernidade, en España e en Europa.

E este é o inxente traballo que nos agarda a todos.

Moitas grazas.





**DECLARO ABERTA A IX LEGISLATURA DO  
PARLAMENTO DE GALICIA.**

Invito as súas señorías e as persoas que nos acompañan a que, postos en pé, escoitemos ou cantemos o himno galego.

(HIMNO GALEGO)

**LEVÁNTASE A SESIÓN.**